

PROCESO DE SELECCIÓN DE EXPERTO/A DOCENTE EN DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS DO PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

O **obxecto** da presente convocatoria é obter unha lista de reserva para cubrir, se fose necesario, unha baixa de incapacidade temporal, renuncia ou vacante que se produza unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa candidata inicialmente seleccionada, sendo a duración do contrato como máximo, en todos os casos, o que reste para a finalización do proxecto.

O **posto** que se convoca é o de **DOCENTE**:

ESPECIALIDADE DE DESEÑO GRÁFICO PARA A COMUNICACIÓN:

-Experto/a docente en DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS: Xornada parcial, segundo o que se estableza na programación do proxecto; por un período máximo de 1.015 horas e as vacacións que lle correspondan.

Formularase un CONTRATO DE TRABAJO TEMPORAL, PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, A TEMPO PARCIAL.

Requisitos: as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos xerais da base terceira, os seguintes requisitos, para ser admitidas na presente convocatoria:

Requisitos específicos:

Os/as expertos docentes **teñen que acreditar competencia docente** (Certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego- RD 34/2008, de 18 de xaneiro e RD 189/2013, de 15 de marzo).

Poderán acreditar tamén a competencia docente requirida con:

- Licenciatura/diplomatura en pedagogía, psicopedagogía ou mestre/a (ou título de grao no ámbito da psicoloxía ou da pedagogía ou postgrao neses ámbitos).
- Título de especialización didáctica expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
- Experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas, nos últimos 7 anos, en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Requisitos mínimos para a impartición do certificado de profesionalidade:

- Titulación requirida: Estudos universitarios relacionados coa especialidade.
- Experiencia profesional requirida: mínima de 1 ano en traballos relacionados coas especialidade formativa, nos últimos 10 anos.

Presentación de solicitudes:

As persoas interesadas en participar neste proceso selectivo, deberán presentar unha instancia- **ANEXO I** (cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do concello (www.redondela.gal)) **xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos para posto e a documentación necesaria para a valoración dos méritos** e será dirixida á Alcaldía. A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo de 3 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria nun dos **diarios de maior tirada na localidade**, no **taboleiro de anuncios da Sede Electrónica** (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), **na páxina web**, apartado **Emprego Público** (<http://redondela.gal/gi/empregopublicor>) da **entidade promotora**.



Admisión de persoas aspirantes:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou o órgano no que delegue, aprobará a **lista provisional de persoas admitidas e excluídas**, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicarase na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal, apartado de emprego público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello. As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar, no prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación. A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a **lista definitiva** que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Bases reguladoras da convocatoria:

As bases desta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), na páxina web, apartado Emrego Público (<http://redondela.gal/gl/empregopublicor>) da entidade promotora e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego correspondente.

